

ANEXO ÁS PROGRAMACIONES DIDÁCTICAS  
CURSO 2021/2022

**DEPARTAMENTO DE INGLÉS**

## MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN.

Segundo a orde do 25 de xaneiro de 2022, publicada no Diario Oficial de Galicia o 11 de febreiro de 2022, na que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación secundaria, quedan modificados os criterios de avaliación e promoción. Isto supón unha serie de modificacións na programación do Departamento de Inglés :

- A devandita lei supón a eliminación da **proba extraordinaria** de xuño.
- Na programación infórmase:" A avaliación será **continua**, polo que a cualificación que se transmita no boletín reflectirá a situación académica global do alumno ou alumna nese momento determinado. Os contidos e procedementos que o/a alumno/a debe adquirir na lingua estranxeira serán avaliados, directa ou indirectamente, en todas as avaliacións e van incrementando a súa dificultade ao longo do curso. Por esta razón, descártanse os exames de recuperación despois de cada avaliación e **a a cualificación negativa nunha avaliación recuperarase aprobando a seguinte. De aí que teña máis peso a terceira avaliación, onde o/a alumno/a demostrará o nivel global alcanzado durante o presente curso, sendo indispensable aprobar a terceira avaliación para aprobar a materia.** A cualificación final será a nota da terceira avaliación , ou, en caso de ser máis alta, a media das tres avaliacións."

A nova lei establece que no período de tempo comprendido entre a terceira avaliación (6 de xuño) e a avaliación final (22 de xuño), realizaranse actividades de reforzo e recuperación para aqueles alumnos que non teñan superada a materia. Na materia de inglés realizarase unha proba final baseada nos obxectivos, no grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación que aparecen na programación; se a cualificación obtida é igual ou superior a 5 aprobarán a materia.

Para os alumnos/as que teñan xa superada a materia na terceira avaliación realizaranse actividades de ampliación, coa posibilidade de poder subir ata 0,5 puntos na nota final.

- Os **criterios de promoción e titulación** do departamento de Inglés, serán os criterios de promoción e titulación xerais do Centro. Estes criterios foron modificados como consecuencia da orde do 25 de xaneiro de 2022, o día 7 de abril de 2022 aprobáronse en claustro os novos criterios de promoción e titulación e foron autorizados pola inspección educativa o día 20 de abril de 2022.